



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAÑÓN

Padrón subministro de auga, cuarto trimestre 2022

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía de data 30 de outubro de 2023, adoptouse o acordo de aprobar o padrón cobratorio da taxa polo subministro de auga correspondente ao cuarto trimestre do ano 2022.

O referido padrón queda exposto ó público durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A presente publicación servirá de notificación colectiva conforme ó establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo mencionado, os interesados poderán interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos no referido artigo; a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O período de pago en vía voluntaria remata o 30 de decembro de 2023. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda esixirase pola vía de constrinximento; polo Concello a débeda correspondente ó subministro da auga e pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia a débeda correspondente ó canon da auga.

Mañón, 30 de outubro de 2023.

O ALCALDE,

Alfredo Dovale Pedreira

2023/8613